

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****AUGAS DE GALICIA**

*EXTRACTO da Resolución do 29 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301E).*

BDNS (Identif.): 741033.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS): <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>

**Primeiro. Entidades beneficiarias**

Poderán ser entidades beneficiarias destas subvencións os concellos responsables de sistemas de abastecemento que dean servizo a unha poboación total igual ou inferior a 50.000 habitantes e as entidades locais menores responsables de sistemas de abastecemento á poboación.

**Segundo. Obxecto**

Establecer as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en concellos e entidades locais menores da Comunidade Autónoma de Galicia, e convocar estas subvencións para o ano 2024 (código de procedemento AU301E).

**Terceiro. Bases reguladoras**

Publícase conxuntamente este extracto coa Resolución do 29 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301E).

CVE-DOG: m8jf9g20-62o8-tct4-uvn8-zlyzixxyt1



**Cuarto. *Importe***

As subvencións reguladas ao abeiro desta resolución financiaranse con cargo á conta financeira 6566 (subvencións de capital a corporacións locais) da entidade pública empresarial Augas de Galicia, por un importe de setecentos trinta e sete mil seiscientos seis euros (737.606,00 €).

O importe das subvencións será, como máximo, do 80 % do investimento da actuación proposta, co límite máximo de corenta e cinco mil euros (45.000,00 €) por solicitude, ata esgotar o crédito previsto na resolución.

**Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes***

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2023

Ethel M<sup>a</sup> Vázquez Mourelle  
Presidenta de Augas de Galicia

CVE-DOG: m8jf9g20-62o8-tct4-uvn8-zlyzqxyt1

